

Suxestión dirixida ao Concello de Baiona para que, en relación á conciliación do dereito ao ocio nocturno e ao descanso e a seguridade cidadá dos veciños do casco vello de Baiona , para que valore a adopción doutras medidas que poidan contribuír a conseguir erradicar o problema como o incremento da presenza e número de axentes da Policía Local, así como das denuncias por estes ante os incumprimentos que se detecten, tanto sobre as persoas como sobre os locais, valorándose a elaboración dun plan de vixilancia e inspección.

Expediente: N.9.Q/5377/22

Santiago de

Compostela, 20 de abril de 2023.

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito presentado por XXX.

ANTECEDENTES

No escrito presentado, a reclamante pon de manifesto :

Que mi madre, XXX, es propietaria del inmueble sito en el número XXX de la Calle Ventura Misa de Baiona y que su inmueble linda con el edificio en el que se ubica el Bar XXX

Que Don XXX, gerente de dicho bar, adosa las mesas de la terraza de su local a la fachada del inmueble de XXX, sin autorización de ningún tipo por parte de la titular del edificio. Dicha terraza se extiende a lo largo de la fachada de nuestra vivienda, bloqueando los accesos de entrada y salida a la misma, sin amparo de ningún tipo pese a las numerosas denuncias presentadas vía Registro Municipal desde el 30 de junio del presente año.

Que XXX, a través de su hija XXX, con DNI XXX ha transmitido al gerente su disconformidad con la disposición de las mesas pegadas a la fachada de su inmueble y ha solicitado la retirada de las mismas.

No cabe duda de que la terraza adosada a nuestro edificio es una terraza ilegal y por ende carece de autorización municipal, sin embargo, el Ayuntamiento no toma medida alguna tendente a su eliminación y, al contrario, consiente en su instalación, impidiendo de este modo la normal convivencia de nuestra familia en el edificio descrito.

Un simple vistazo a las fotos que se acompañan permite ver con claridad que no es posible abrir ni las puertas, ni la ventana de la planta baja, teniendo que soportar además a diario ruidos y molestias de los usuarios del bar.

Hemos requerido la presencia de los agentes de la Policía Local para resolver la situación, le han exigido la retirada de mesas, pero el gerente del bar vuelve a situar las mesas tras la marcha de la policía.

Asimismo quiero informar y denunciar el elevado volumen y el estruendo de la música procedente de dicho bar. La música está a todo volumen con puertas y ventanas abiertas, haciendo vibrar las ventanas de las viviendas vecinas, impidiendo el descanso de los residentes.

Al acudir los agentes, cuando solicitamos su intervención, bajan el volumen. Esta situación se repite todas las noches con total impunidad de los causantes del ruido nocturno, que, sabedores de la pasividad del Ayuntamiento, hacen lo que les viene en gana, haciendo padecer a los residentes un auténtico calvario.

Dicho local carece de licencia para tener reproductor musical y funcionar como pub.

Dicho local solo tiene licencia municipal como bar, y sin embargo funciona como si fuera un pub o local de copas emitiendo un volumen altísimo, con puertas y ventanas abiertas, que impide el descanso de los vecinos.

Ante iso requirimos información a ese concello que xa recibimos e na que se pon de manifesto:

Podemos indicar que por parte da xefatura da policía local de Baiona existen informes de servizo e actas de denuncia por ocupación da vía pública con mesas e sillas así como consumo de bebidas na parte exterior de dito local, as cales están en trámite.

Hai que sinalar que Baiona e unha vila turística que na época estival o número de visitantes pode chegar a triplicar a poboación pasando de algo máis de 12.000 habitantes a 36.000 nos meses máis cálidos, converténdose ademais o casco vello nunha zona de ocio asidua polos visitantes, onde se sitúan a maioría dos locais nocturnos, como e o caso de "XXX" que inda que por parte da plantilla da policía local realizan labores continuas de seguridade e inspección debido o gran volume de traballo e xente que se congrega no casco vello e moi complicado evitar situacións como a denunciada pola Sra. XXX.

Á vista do contido do escrito de queixa e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer as seguintes

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- Dada a coincidencia existente entre o manifestado na queixa e o informado por ese concello, podemos considerar como un feito certo que no casco vello de Baiona existe un problema derivado do ocio nocturno que dificulta o descanso dos veciños, afectando tamén ao orde-pública.

SEGUNDA.- Conciliar o dereito ao ocio nocturno co descanso e a seguridade cidadá dos veciños, pasa por aplicar a Lei e, no seu caso, as ordenanzas municipais que ese concello teña aprobadas ou deba aprobar, no ámbito da seguridade e a convivencia cidadá.

Así, a Lei Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá, recolle entre os seus fins a preservación non só da seguridade, senón tamén da tranquilidade e a pacífica convivencia cidadás e “(...) *a pacífica utilización de vías e demais bens demaniais destinados ao uso de disfrute público*”.

TERCEIRA.- Neste caso en concreto e segundo a información remitida polo concello:

- Este vén aplicando medidas policiais que, segundo se deduce de dita información, non poden evitar situacións como a denunciada pola reclamante.
- Parece deducirse que tampouco dispón dun plan de vixilancia e inspección preestablecido destinado a solucionar os problemas denunciados pola reclamante, considerando suficiente as intervencións realizadas pola Policía, razón pola que sometemos á consideración dese concello que se valore a elaboración dun plan de vixilancia e inspección.

Por todo o exposto ata agora, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, da Valedora do Pobo, cómpre facer a ese Concello de Baiona a seguinte

SUXESTIÓN

Que sen prexuízo das actuacións que xa está a realizar o concello en relación á conciliación do dereito ao ocio nocturno e ao descanso e a seguridade cidadá dos veciños do casco vello de Baiona, valore a adopción doutras medidas que poidan contribuir a conseguir erradicar o

problema como o incremento da presenza e número de axentes da Policía Local, así como das denuncias por estes ante os incumprimentos que se detecten, tanto sobre as persoas como sobre os locais, valorándose a elaboración dun plan de vixilancia e inspección.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da suxestión formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo
(Asinado dixitalmente)